

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.80264>



EDICIONES
COMPLUTENSE

GARRIDO GONZÁLEZ, Ana (2020): *Xohana Torres. Da viúva de vivo á muller navegante*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 200 pp.

É difícil achegarse a calquera etapa da literatura galega e non atopar numerosos textos dedicados á emigración. Luís Seoane, Castelao, Manuel María son algunhas das voces que asentaron a escritura sobre e na diáspora galega. Ao longo destas obras, que conforman boa parte do corpus da literatura galega, son constantes as referencias á precariedade económica da clase traballadora migrante, a incompetencia política, e tamén ao impacto para as persoas que marchan: o choque cultural, o racismo, a morriña da terra e da familia... Será Rosalía de Castro quen introduza unha nova perspectiva coa que achegarse a este drama e, durante décadas, a única en facelo. Dedicada unha parte de *Follas novas* (1880) ás grandes esquecidas: ‘as viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos’. A escritora dá un paso máis alá nas consecuencias que ten a emigración para as persoas que marchan e describe a gran dificultade que é tamén para as persoas que ficán na terra, en concreto, as mulleres, que se converten en traballadoras do fogar, da familia e da terra. Malia que ela xa introduciu esta visión dende ben cedo na historia da literatura galega, o certo é que non foi unha tendencia que continuaran as vindeiras correntes.

É así ata que aparece unha muller que pretende revisar os clásicos e volver sobre eles para darlles unha lectura que até entón fora ignorada. Co seu “Eu tamén navegar”, Xohana Torres racha co mito da Penélope pasiva, contemplativa, que deixa a vida pasar á espera do seu amado e rexeita o destino monolítico que se espera das mulleres. Torres xa non cre na muller anxo do fogar e aspira a un novo ideal.

Estas ambicións que Torres plasma a través das personaxes protagonistas das súas obras é o que estuda Ana Garrido no seu libro. A obra, que recibiu o III Premio «Xohana Torres» de Ensaio e Creación Audiovisual en marzo de 2020, parte establecendo unha ponte de internacionalismo e sororidade entre autoras que

rexeitaron o mito de Penélope, neste caso, co poema “Muerte a Penélope” (1999) de Johanna Godoy, semellante en contido ao “Penélope” (1992) de Xohana Torres, co que deixa clara a vontade de rachar co anterior e crear unha nova estirpe de Penélopes. Ana Garrido emprega como corpus de análise a obra poética e dramática da ferrolá e a súa única novela, *Adiós, María*. Detense a facer unha introdución á obra do poeta, construíndo á vez unha xenealoxía de autoras coas que a súa obra dialoga. Autoras coetáneas e posteriores vencelladas por un mesmo pulo: amosar o mundo a través da ollada da muller.

Esta obra pon sobre a mesa a importancia de que as obras clásicas se vaian revisando a través das novas ópticas que fornecen os movementos sociais contemporáneos. *Adiós, María* é unha obra considerada fundamental na literatura galega contemporánea polo seu diálogo coas tendencias europeas, en concreto, a *bildusroman*, a novela de iniciación sentimental, así como por retratar o conflito campo-cidade que se comezaba a vivir (Vilavedra Fernández 2000: 14-16). Mais, faltaba unha obra que expresara a novidade que introduce Torres ao contar as consecuencias da emigración nunha muller que ve frustrados os seus soños por ter que asumir, de novo, o rol de anxo do fogar. A marea morada feminista que nas últimas décadas está a inundar os campos de investigación permite debullar novas interpretacións de obras xa analizadas durante anos e que se resistían a incorporar novos paradigmas. Así, Garrido enche unha lagoa de interpretación necesaria na literatura galega, analizando de vagar como Xohana Torres cuestiona o papel de muller abnegada que se impoñía sen dúbidas na sociedade, e rexeita iso para as súas personaxes.

Adiós, María é a obra á que lle dedica máis atención; porén, os resultados obtidos da súa análise non só traspasan a todas as obras,

senón a todas as mulleres que foron e seguen a ser vítimas destas situacións, ben por obreiras, ben por mulleres. María somos todas.

Deste xeito, esta obra eríxese como necesaria no horizonte porque achega a visión dunha muller que debe renunciar aos seus soños e a un futuro prometedor para coidar do fogar, tal e como fixeron as súas –e nosas– antepasadas. Así, Garrido pode perfilar non só as consecuencias da emigración nas mulleres, como fixera xa Rosalía de Castro, senón actualizalas ás novas pautas migratorias que se daban naquelas décadas e hoxe en día están plenamente consolidadas: a migración cara a Europa.

Ana Garrido visibiliza deste xeito a lousa que teñen as mulleres a través de tres xeracións. Dunha parte, as mulleres, cunha avoa *Mater Dolorosa*, ancorada no ideario católico franquista; unha nai, que debe abandonar a terra e a familia para traballar; e unha adolescente, que abandona o seu futuro prometedor e dá un paso cara a atrás. Doutra parte, os homes, cun avó, símbolo do fracaso da migración; un irmán, home cisheterosexual que pode vivir coma un neno grazas aos seus privilexios, e un bebé, como unha nova xeración testemuña dun pasado que se repite.

Referencias bibliográficas

Vilavedra Fernández, Dolores (2000): *Diccionario da literatura galega. III. Obras*. Vigo: Galaxia.

Clara García Vila
Universidade Complutense de Madrid
clarga14@ucm.es